

Bases reguladoras da selección e contratación laboral temporal de 1 Enxeñeiro/a Técnico/a Topografía – programa contratación de persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil.

1.- Obxecto da convocatoria

É obxecto desta convocatoria , conforme ao previsto no artigo 1 da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento TR350E) para o seguinte posto:

POSTOS	OBRA/SERVIZO	DURACIÓN	XORNADA
1 Enxeñeiro técnico topográfico	Cartografar a rede de saneamento municipal	9 Meses	100%

1.1. FUNCÍONS.

Desempeñarán as funcións propias da súa categoría e grupo profesional :

- Enxeñeiro técnico topógrafo: cartografar a rede de saneamento do Concello de Begonte.

2.- Requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de realización do proceso de selección :

- Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos os 18 anos e non superar os 29 de idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.
- A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto).
- Estar en posesión da titulación oficial esixida para acceder á categoría profesional de enxeñeiro/a técnico/a de Topografía, que é calquera das seguintes: Grado en Enxeñería en Geomática e Topografía, Grado en



Enxeñería agrícola e agroalimentaria, Grado en Enxeñería civil, grado en Enxeñería forestal e do medio natural, Grado en Paisaxe, ou títulos que segundo a Orde CIN/353/2009, de 9 de febreiro (BOE N° 44 de 20/02/2009), pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico en Topografía e dispoñan do certificado que o acredite.

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego.
- Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data de sinatura do contrato.
- Permiso de conducir clase B en vigor.
- Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de contrato de traballo de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (código 406).

3.- Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 29 da Orde do 13 de agosto de 2025, polo que se formulará oferta de emprego na correspondente oficina pública de emprego de Galicia.

A oficina de emprego, unha vez realizada a sondaxe e comprobada a dispoñibilidade das persoas candidatas, remitirá ao Concello de Begonte o currículo das persoas candidatas dispoñibles.

Unha vez remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, publicarase a correspondente lista aos efectos que legalmente proceda, tanto no Taboleiro de Anuncios do Concello de Begonte e na sede electrónica do Concello de Begonte (<https://begonte.sedelectronica.es/info.0>) e na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/>.

As bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte, no Taboleiro de anuncios da [sede electrónica do Concello de Begonte](https://begonte.sedelectronica.es) e na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/>.



Os/as candidatos/as deberán presentar antes da selección a seguinte documentación presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Begonte, a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou utilizando a sede electrónica do Concello de Begonte:

- a) Copia autenticada do D.N.I.
- b) Copia del título de requirido como requisito.
- c) Orixinal ou copia autentica da Tarxeta de demandante de emprego.
- d) Certificación acreditativa da inscrición como beneficiaria no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da CC.AA.
- e) Documentación autenticada que acredite os méritos alegados, para a súa valoración.

Si se utiliza a sede electrónica de Begonte para presentar a documentación requirida no proceso selectivo, e a documentación que se envía non ven autenticada deberanse aportar os orixinais o día da selección para autenticala.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.

A documentación poderá presentarse en copia simple, pero o órgano de selección poderá requirir en calquera momento a documentación orixinal que estime precisa. No caso de detectarse que as copias presentadas non se corresponden co orixinal, e sen prexuízo das responsabilidades que puideran corresponder, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo.

4.- Tribunal de selección e desenvolvemento da selección.

4.1.- Tribunal de Selección:

A Tribunal de Selección estará integrada polos seguintes membros: 1 Presidente, 1 Secretario e 3 Vogais todos eles funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo dunha Administración Pública. Por cada titular designarase un suplente. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario, e ademais deberá contar polo menos coa metade dos seus membros.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, serán resoltos polo Tribunal, por maioría.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte e na súa páxina web. (<http://www.concellodebegonte.es/gl/concello/emprego>.), indicando o día, hora e lugar en que se reunirá e terá lugar a selección.



4.2. Desenvolvemento do Proceso de Selección

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso

FASE DE CONCURSO.- (Máximo 10,00 Puntos).

Nesta fase o Tribunal avaliará os méritos alegados e acreditados polos aspirantes, de acordo co seguinte baremo:

4.2.1 Méritos académicos e formación: Máximo 8,00 Puntos:

- a) Por cada título de doutor directamente relacionado coas funcións do posto de traballo: 3,00 puntos.
- b) Os títulos propios de posgraduado (máster propio, especialista universitario, experto universitario, diploma universitario, curso de actualización universitaria...) que estean relacionados coas funcións do posto de traballo valoraranse da seguinte forma:
 - Igual ou máis de 60 créditos: 1,50 puntos.
 - Entre 30 e 59 créditos: 0,75 puntos.
 - Entre 15 e 29 créditos: 0,375 puntos.
 - Menos de 15 créditos: 0,15 puntos.
- c) Os cursos valoraranse a razón de 0,0025 puntos por hora de formación. Valoraranse os cursos de formación, tanto impartidos como recibidos, que contén con certificado de aproveitamento, e fosen organizados por calquera administración pública de base territorial, universidades, colexios profesionais, escolas de administración pública e outros centros oficiais. Tamén se valorarán os cursos homologados polas escolas de administración pública e os cursos impartidos polas organizacións sindicais, sempre que estean relacionados directamente coas funcións da categoría profesional á que se opta e coas seguintes materias:
 - Cartografía (captura de datos, procesamento, almacenamento, explotación e distribución).
 - Sistemas de información xeográfica.
 - Infraestruturas de datos espaciais.
 - Tecnoloxías da información.
 - Formación en igualdade, diversidade e violencia de xénero.
 - Prevención de riscos laborais.
 - Protección de datos.

As accións formativas relacionadas co mesmo tema ou programa valoraranse unha soa vez, independentemente das repeticións. Só consideraranse os cursos obtidos ou validados cunha duración mínima 10 horas e con certificado de cualificación ou aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que só acrediten asistencia nin os certificados que non indiquen a súa duración en horas ou créditos.

Se o certificado indica créditos, valorarase a 25 horas por crédito ECTS. Se non se especifica o tipo de crédito, consideraranse 10 horas por crédito da anterior



ordenación universitaria (CFC ou LRU). En caso de discrepancia entre as horas e os créditos nun certificado, prevalecerán as horas.

4.2.2 Coñecemento do Idioma Galego: Máximo 1,00 puntos.

Terán validez os cursos ou titulacións oficiais ou que foran obxecto de homologación, computándose unicamente o nivel superior. Valoraranse de conformidade coa seguinte puntuación:

- Celga 2 ou equivalente : 0,50 puntos
- Celga 3 ou equivalente : 0,75 puntos.
- Celga 4 ou equivalente : 1,00 puntos.

4.2.3 Entrevista Curricular.- Máximo 1,00 puntos

Terá carácter previo á valoración de méritos e terá como finalidade apreciar o dominio dos coñecementos, formación, estudos e a súa adecuación ao posto. Consistirá nunha serie de preguntas, iguais para todos os aspirantes

5.- Cualificación final e proposta do tribunal de selección.

A puntuación do proceso selectivo será a cualificación da fase de concurso.

En caso de empate na puntuación final, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación no apartado méritos e formación, coñecemento do idioma galego e entrevista curricular. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello, no Taboleiro de anuncios da [sede electrónica do Concello de Begonte](http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/) e na súa páxina <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/> e elevará dita relación ao Alcalde- Presidente que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto.

A proposta de contratación notificarase ao/aos aspirante/es seleccionado/os e publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na páxina <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/>.

Concederase un prazo de 2 días hábiles, a contar desde a publicación para a presentación de reclamacións.

Elaboración de Lista de Reserva.- Co fin de asegurar a cobertura da praza convocada, no caso de que se produza a renuncia do aspirante seleccionado, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral, así como para a cobertura de posibles baixas, substitucións, etc., trasladarase a proposta de contratación a favor do/a seguinte aspirante que maior puntuación obtivese de acordo coa resultante da cualificación final obtida polos aspirantes.

6.- Presentación de documentación e formalización do contrato.

Os/as aspirantes propostos/as achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse



mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

7.- Resolución e formalización do contrato.

Constatado mediante a documentación sinalada no apartado anterior, que os aspirantes propostos reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Alcalde-Presidente resolverá a favor dos aspirantes propostos e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal a tempo completo, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

En caso de renuncia ou non aportar a documentación esixida para a xustificación das condicións dos aspirantes dentro do prazo fixado no punto 6 destas bases, seguirase para a contratación a orde de puntuación obtida no proceso de selección.

8.- Normativa de aplicación.

No non sinalado nas presentes bases de selección serán de aplicación as seguintes disposicións :

- Orde do 13 de agosto de 2025 destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025.
- Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro., polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real decreto 896/1991, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que deben axustarse os procesos de selección dos funcionarios da administración local.
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de



provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado.

- Restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos que dela se deriven, así como das actuacións do Tribunal de selección, poderán ser impugnados polos/as interesados/as, nos casos e no xeito previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na vixente lexislación da xurisdición contencioso administrativa. (Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa).

